


Núm. 65

Tomo 6.º

nóis





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 .

Número solto 0'70 .

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Tenzón co malvís amigo por FERMIN BOUZA BREV.

Xelmírez, orador, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

As industrias líxicas da Guardia.—Novas estación, por MANUEL F. COSTAS.

Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Caliza.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS

AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47. 2.º.

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 15 de Xunio do 1929



Núm. 66

TENZÓN CO MALVÍS AMIGO

Ei, malvís do choupal dourado,
ceiba o luceiro do teu cantar,
prendido da serán e do sol-nado,
na brétima arrandeado,
de vagariño a brilar!

Prisarás á noite ispida...
Adomea o herbal de estrelas
ca tua fouce infinida!

Ei, malvís do choupal nevoento,
enfía as liñas sotils do vento
na agulla da túa canzón;
pon coseita a fontenla fresca do pensamento
ca burga de folía do corazón!

Apáñame ô mar en roda:
n-un desmaio do teu bico
a justeza da mar toda.

Ei, malvís do choupal veciño,
cata na frouma do teu niño
ô froito do Tempo a madurecer...
Peteira na roda eterna de ese muiño
que a tí e a mín hanos moer!

BOUZA-BREY

XELMÍREZ, ORADOR

Lémbrome dos días do Instituto cando algunha vez deixando o balbordo dos cráustros acougaba no silencio da Bibrioteca de Ourense. A mesma cuíñas cinzas ollamos voar tráxicamente sobra indefrenza da cidade o tristeiro día da Purísima do 1927. Ordeábanse as ringleiras de poderosos volumes; locían os tídoos da Patrística, do Dereito, da Mística, da Historia no rexo lombo dos grandes libros. Había no local unha friaxe d'inverno na montana pois aquela era unha serra na que en valentes estratos se dispuña todo o esforzo das xeneracións hasta os comenzos do século dazanove. Pra que fuxira aquela friaxe sería preciso o que non foi: qu'a Bibrioteca fora o centro d'unha sabia escola d'outos estudos. Entón, os libros non'os figurarían herméticos ós rapazes do Instituto. Algún dos meus compañeiros coidaba que baixo os tídoos «Opera» se gardaban os libretos e as partituras da Tosca, do Rigoletto, do Sansone e Dalila. Eu confeso que agarrando algunha crónica vella sentía ás poucas páxinas os ollos cheos d'area e unha envexa tola de pasear pol-os fondos camiños animados pol-a primaveira ou de ouservar gozosamente os renovos dos castiñeiros d'Indias no xardín do Posío. N'isto tiña grande culpa o meu pouco e malo latín. Contodo, lémbrome ben, cando a casualidade fíxome coller o tomo XX da «España Sagrada». Apesares da miña ignorancia eu sentía na frouma pecha das páxinas, un latexar de vida, un intrínseco enorme. Alí xentes alonxadas de nós pol-o tempo e que nos anos da adolescencia figuran mais distantes, falaban e vivían, iban e viñan, atafegábanse por mil asuntos. Había impresións de paisaxes, longas camiñatas pisando camiños que se podían identificar doadamente no mapa. Con perdón dos crásicos aquilo era moito mais atraente que Tito Livio. Un noxo que se non traduxera na cátedra de Latín.

O vello códice publicado pol-o P. Flórez aínda agarda a necesaria edición crítica, e tamén a edición popular e anotada qu'a poña ó alcance do público. Unha das maiores fortunas da Galiza é dispoñer d'iste rico tesouro d'escritos antergos suxestivos hastra pr'os mais cativos voluptuosos das letras. No testamento de Odoario, na compostelán, na crónica troyana, nos canzoeiros, nos nobiliarios, hai vida e intrínseco. A poderosa enerxía da Galiza medioeval—o tempo en que forxou noso carauter moderno—prestalles lediza incomparable. No latín da «Compostelana» hai verdes paisaxes, o ritmo das arquitecturas que s'erguen, o infindo rumor de pobo, paixós grandes e pequenas, cuquerías e procedementos de cacique, documentos que falan, unha familiaridade c'os camiños do mundo propio da crecedeira universalidade de Compostela. Un poema soilo houbera gardado feitura e ademais de calculada grandeza; na historia a firme intelixenza e a paixón guiadora do héroe non esquece isas mil cousas pequenas que compoñen o tecido da vida.

Don Diego—Don Sant-Iago—está presente en todas as páxinas, dinamizándoas. Síntese pisar rexamente pol-as rúas, pol-os camiños, pol-os salós dos pazos. Percíbese o encello enrugado pol-a vontade, o fino sorriso do político, as máscaras con que moitas veces recobre a súa labourada i-enerxica faciana galega, o pracer sportivo con que se mergulla nas complicitades, os ademais apaixonados ou prudentes, e sobretudo a grande voz do prelado mandando, aconsellando, improrando. Unha voz que coidamos familiar tanto no latín qu'il teima fazer elegante como convén á grandeza da súa Eirexa coma no romance que non coñecemos e aduñamos novo, recendente com'un enerxico viño novo carregado de esenzas do agro, salgado de mar, e aberto ás verbas que viñan de fora nos beizos dos peregrinos.

A idea do Prelado foi servida por unha calidade entón tamén necesaria pr'o trunfo; a elocuencia. D. Diego sabía falar. E os burgueses, os feudales, os reises, os abades e os papas sentiron a forza da palabra mais conqueridora n'un tempo de ceibes e primitivos caracteres, dispostos á emoción, no medio da súa violencia a materia de suxestión pra un temperamento forte e coñecedor da xente. Un místico do estilo do San Pedro Mezonzo non houbera, de fixo, chegando ós eisitos de D. Diego apesares da gaba da misticidade do tempo. Tampouco un legado retórico ou curialesco. Os creadores teñen que lixar as máns na terra da realidade. Lembremos algúns instantes a dinamicidade das verbas de D. Diego.

1102. No outono vai cos seus milllores familiares a visitar as eirexas que tiña en Portugal a Sé compostelán. Estaban en terra nemiga, no cerne da diócesis de Braga alongada da compostelán por isas loitas canónicas que endexamais s'esquecen. D. Diego decatouse deseguida da situación e quixo comprir suas arelas. Xuntando os familiares botoulles un discursiño que non ten perda. Estaban agasallados no pazo que tiña en S. Vitorio o arcebispo bracarense, estaban en parroquias suxetas a Sant-Iago, mais era preciso levar as santas reliquias. O episodio é ben coñecido. Don Diego falou: meus amigos xa sabedes que viñemos a ordear e restaurar. Ben vichedes como están abandonadas as reliquias dos santiños.» E de súpeto espón a idea que a todos se lle ocorrira mais da que de fixo ningún s'astrevía a falar: levalas pr'a Sant-Iago. Aduviñase a satisfacción de todos e tamén o medo. Deseguida D. Diego aconsella o único procedemento: «é necesario proceder con moito sagredo» xa non se precisou outra cousa. Todal as vontades estaban afeixadas. Aínda qu'a «Compostelán» non'o conte ben se vé o sorriso de D. Diego cando pasado o Miño qu'iba de monte a monte descansaron as reliquias na eirexa do S. Bartolomeu de Tuy.

1.107. Celebrábase concilio en León e tratouse do asunto xa vello dos arceprestádegos de Besoucos e Trasancos disputados entre as diócesis de Mondoñedo e Sant-Iago. D. Diego estaba afeito a cruzar as serras

medianeiras entre León e Galiza. Tamén acudiu, apesares da caducante vellez o bispo mindoniense D. Gonzalo; non se sabe si foi o santo qu'afundiú na mar unha escudra normanda, mais ninguén dubida da forza que mostrou defendendo os dereitos da súa diócesis. Os preiteantes compareceron diante un tribunal de bispos. D. Diego diante o Rei, e o concilio falou elegantemente en latín como compría á dinidade da Asambrea. Non se conservou a sustanza do discurso, mais debeu ser fino porqu'en fin de contas a eirexa de Sant-Iago cuáseque ganou un preito dos mais emtramalicados.

1.104. D. Diego vai facer a visita *ad sacra limina Apostolorum*. Non'a fixera ningún prelado iriense. D. Diego ledamente *transpireneu* (*transpirenarit*) en Auch o arcebispo Pardiac recibiuo con pompa. Cadraha a festa dos Remedios e D. Diego foi o eleito pra predicar o sermón. Isto no meio das graves cavilacións que lle producía o pleito do *pallio* qu'iba demandare a Roma. Maxinase as longas latricadas de D. Diego c'o abade S. Hugo baixo as froldas arcadas de Cluny. Tempos ditosos do románico, do abrente das linguas, da Europa xerminal. Logo as verbas de Xelmírez espallaron os prexudicios que Roma tiña acugulados sobre a eirexa de Compostela; coidábana quizais un perigoso patriarcado capaz de iniciar andando os tempos un cisma d'Ocidente. Na Roma abombeada de cúpulas bizantinas, inzada d'unha vexetación de torres feudales que s'agarraba com'as montañas nas disformes estreituradas do Imperio, romorosa d'augas craras e indefrentes da Sabina, a verba de Xelmírez, seu latin apenas encobridor do pulo d'un linguaxe novo, debeu resoar ispirando confianza como n'outrora aqueles ingréseos, os primeiros católicos da Albión dos que dixo o Papa San Gregorio: «non Angli, sed Angeli» Xa non era novo o Bispo santiagués, mais levaba o capital d'esprenha d'unha rexa testa petrual e a man que gobernaba dend'a sede os primeiros proeles galegos da nova Era, sabía gardar a grandes golpes de báculo, o primado román, nas beiras do grande mar. ¿Quén se resiste a sinalar os pensamentos que necesariamente tivo Xelmírez diante

trunfo das arquitecturas? Soñaba con erguer outra Roma de granito pra que fora raíña da mais lonxana Hesperia.

Non foi preciso chegar ás institucións representativas pra que o poder da palabra dinamizase o mundo. Na Edade Meia guiou as moitedumes: o sermón de Clermont, o apostolado dos mendicantes, as verbas dos xefes dinantes da batalla, a tribuna ardente de Xohan Huss, os discursos das Dietas e os que mandaban os pobos en marcha.

1.113. No cerne da loita entre D.^a Urraca e o seu home. Loita na que se define com'unha potencia firme a personalidade da Galiza baixo o xogo múltiple das figuracións. N'iste ano en Burgos a Raíña e os galegos fixeron as paces, na vila. O castelo ergueito no outo coto, axexador da planura e das correntes do Arlanzón coma nos tempos, aínda presentes, do campador, estaba ocupado pol-as tropas d'Aragón. Un Burgos románico, apegado ó chán, fogar de labregos guerreiros inferior a León e a Galiza pol-a cultura e o señorío. Chegou o día do San Xohan e D. Diego bó galego afeito a sentir o miragre d'aquela úneca alborada do ano, toda mollada de paganía, quixo celebrar a misa. Entón a eirexa do S. Xohan estaba fora das murallas. A «Compostelán» precisa en dúas liñas enérxicas a situación da cibdade. No meio da Misa do San Xohan diante «Civitatis Civis, Castellani, omnesque exercitus Gallætiæ, nec non Regina cum omnibus suis Proceribus» falou Don Diego da situación das Españas. Discurso de outa dinidade eclesiástica e tamén de finas e positivas apreciacións políticas: lembra a felicidade do bó tempo de Alfonso VI, espón con crúa nudeza os males presentes, e manexa o tema bíblico entón o soílo que tiña poder pra mover os ánemos: a disgraza da tribu de Benxamín contada no Libro dos Xúeces foi o texto escolleito. Baixo o latín da Historia aduñábase unha elocuencia rexa, de grandes frores feridoras da maxinación c'a virtude das esceas esculturadas nos capiteles e nas arquivoltas: pra salvar a cristiandade española é preciso desfaguer as néboas do pecado «colle o escudo da virtude, vestir a loriga da xustiza». Verbas mais fortes no escaerio da

guerra. Pois deseguida chega El Rei d'Aragón; no meio do estrondo da loita celébrase un concilio en Palencia. Deseguida chegan a Burgos legados d'Aragón con promesas de paz. A Raíña celebra unha gran xuntanza no claustro de Santa María; falan os legados do Batallador; as disposicións da Asambreia sonlle favorabres. Don Diego estaba alí, pedíronlle que falara. Xelmírez estivo ademirabre sentindo a cada palabra medrar a súa impopularidade na asambreia; falou como representante de Deus; do dreito divino descoñecido pol-o tirano, das inxusticias, mortes, violacións do Rei, c'un pulo de valentía dino d'un Hildebrando, anatematiza a todol-os que queiran xuntar os esposos. Il representante de Deus, ten autoridade pra revelar de todol-os xuramentos e fortifica a orazón ardente c'as Letras do Papa. Ténse gabado a Xelmírez como fino político e haxtra houbo quen o considerou unha especie de tipo de cacique de outura. Eiquí a postura de D. Diego tivo a valentía do espírito, un valor d'aquela non negado. Xulian Benda diría de que xeito foi D. Diego un bó clerc. A cousa púxose mal: os mais agarraron pedras e quixeron atacalo. Mais os soldados galegos rodearon o seu Pastor («dominum suum armata manu undique muniunt») e levárono sin dano ó acougo das tendas.

1116. Chegan correios a Compostela. Venñen de parte do Príncipe galego D. Alfonso; quer o que é seu; o xuramento de fidelidade e o señorío recoñecido da Galiza. D. Diego obrigado pol-a misericordia (n'ista verba temos que ver a simpatía pr'a lanzal i-espranzada mocidade) e «iusticia cogente» xuntou os señores, o clero e o pobo; suas verbas alcanzaron unha compreta unanimidade que non tivo en conta os perigos que s'avecñaban nin a pouca idade do Príncipe.

Os exemplos poderían ser mais. Precísase un estudo psicolóxico do grande prelado e do seu tempo. Un tempo de paixós e de loitas entre fortes señores, un pobo que s'orgaiza, e novas cousas que bulen pol-o mundo. Xelmírez canaliza en certo sentido a historia da Galiza. Impón o ritmo da súa personalidade. E n'ista labouira non tivo a

menor parte a palabra de D. Diego, palabra forte e prudente, apostólica e finamente política, en cuio estudo acabado ollaráse cando se faga, o locir d'unha das maneiras do espírito galego; un realismo vial poderoso

misturado c'un programa ideal, sempre presente e que é igual da misticidade galega non perde posto en contacto c'a vida.

R. OTERO PEDRAYO

AS INDUSTRIAS LÍTICAS d'A GUARDIA

NOVAS ESTAZÓNS

(Conclusión)

RASPADORES

Hai en Area Grande e demais estazóns gardesas dúas crases de raspadores. Uns derivados d'unha lasca desprendida d'un seixo

torno do seixo, d'un lado e d-outro, hastra conseguir un borde en zig-zag.

Os raspadores do primeiro tipo son os mais abondosos. Consisten, ás veces, en unhas lascas sin retoques, desprendidas do




Fig. 6.ª

por unha forte pancada, conservando o bulbo de percusión, e retocando despois os bordes; outros nucleiformes, discoidaes, outidos por golpes dados co percutor sobre o con-

seixo, non á ventura, sinon seguindo un plan determinado, e utilizadas sin mais retoques marxinaes; mais a maior parte son unhas fermosas pezas que presentan un evi-

dente progreso n-ista cativa e rudimentaria industria.

As figuras 9 (1) e 10 (2) amosan dous de istos raspadores. A face exterior presenta a superficie rolada da cuarcita; o borde superior ten un gume afiado, ás veces en leve zig-zag, por unha serie de retoques dados habilmente. A parte inferior é a mais intresante pois presenta un ensanchamento que se adapta á palma da man permitindo a súa prehensibilidade.

A figura 11 representa un raspador, derivado tamén d-unha lasca, mais este está re-

xo; as lascas foron tiradas solo d-un lado formando un gume sensiblemente circular. É pena que as aristas estean algo roladas pol-o mar.

OUTROS INSTRUMENTOS

Figuras 14 (1) e 15 (2).—*Machadas de man* análogas ás de Camposancos e de Ancora que describen cō nome de *coups de poing* Fontes na figura 4 do seu citado traballo e Serpa-Pinto na figura 20.

A que represento na fig. 15 é un intresante



Fig. 7.

tocado en todo o contorno i-apontado n-unha extremidá (3).

O segundo tipo de raspadores ou nucleiformes pertencen os das figuras 12 e 13. Este último é unha belida peza discoidal de cuarcita escura que a figura representa en tamaño natural. Foi achada por mín en Aldramán, e doada ó museu da sociedade «Pro Monte» d'A Guardia. —As dúas faces paralelas conservan a superficie natural do sei-

eixemplar que lembra a machada de man discoidal, de ofita, da época *acheulense*, procedente de «Cueva del Castillo» da fig. 78 de «El Hombre fosil» do Maestro Obermaier (3).

Figura 16 (4).—Núcleo de cuarcita. O lascado foi feito d-un lado. Os bordes foron retocados pra facer un gume afiado en todo o contorno, o que presupón a súa utilización como machada de man. Foi recollido en *Sete Camiños*.

(1) Entregada ó Sr. Rodríguez Elias con destino ó Museu Municipal en formazón, de Vigo.

(2) Id. ó Sr. Cuevillas pró Museu d-Ourense.

(3) Entregado ó Sr. Castillo con destino á Real Academia Gallega da Cruña.

(1) Entregado ó Sr. Cuevillas pr'o referido museu de Ourense.

(2) Id. ó Sr. Castillo pr'o da R. A. Gallega.

(3) Obermaier.—«El Hombre Fosil», páx. 180.

(4) En poder do Sr. Castillo co mesmo fin das anteriores.

Figura 17.—É unha peza notable. A súa técnica é a dos raspadores do primeiro tipo descrito. Ten o mesmo ensanchamento que fai de puño, mais o *tranchant* esténdese solamente pol-a parte superior, presentando un zig-zag bastante grosso que impede seu uso como raspador. A face exterior é naturalmente a do seixo, i-a interior, aparece con un polimento que non semella feito pol-o rolar do mar. Recollinna na Cetárea de Silva. (1)

Figura 18.—Procede de Area Grande i-é

D. Xulián López, mais a ausencia—ô parecer definitiva— d-aquél señor no nos permitiu conseguir o noso propósito. Foi doada ô museo da Sociedade «Pro Monte» d'A Guardia.

CONSIDERAZÓNS

Foi o Prof. Obermaier quen deu o nome de *Asturiense* ô conxunto de industrias descubertas pol-o Conde de Veiga do Sella na Cova do Penicil (Asturias) en 1914. N-un comenzo foron atribuídas ô *paleolítico* antigo




Fig. 8ª

unha das pezas mais intresantes das por mín atopadas, e da que nos dá cativa idea a figura en tamaño natural. É unha peza triangular que semella unha punta de lanza e fai lembrar as puntas de retoques marxinaes alternos do *Monsteriense V* que describe o Dr. H. Martín procedentes de La Quina (2). A nosa punta ten retocadal-as márxes alternas das faces opostas a e c. Intentamos recadar en col de esta peza a autorizada opinión do P. Jalhay, i-a tal fin trasladeime a Camposancos acompañado do arqueólogo galego

pol-o referido Conde, como antes o foran tamén as cuarcitas de Biarritz, mais tarde as de Camposancos, e tantos outros seixos lascados aparecidos isoladamente en diversas estazóns españolas e portuguesas.

Compréndese isa confusión por tratarse d-unha industria moi rudimentaria e custa traballo matinar como dispois da portentosa civilización do *Magdalenense* poido o home cair tan baixo.

Foi preciso que o repetido Conde de la Vega del Sella descubrixe ista industria nas covas de Riera e de Balmori, con fauna propia i-en propia estratificación mesmo enriba das camadas do *ariliense*, pra que poidese ser fixada a súa cronoloxía.

Non todos están conformes co ista civili-

(1) Têboa no meu poder c-un pequeno lote destinado ô Seminario de Estudos Galegos de Santiago.

(2) Dr. Henri Martin. — «Le Munsterien terminal de la Quina». Véxase tamén Georges Goury. — «Origine et évolution de l'homme». París 1927.

zazón. O P. Carballo (1) matina que a cultura *asturiense* é a do *cuerquense*, ou dos *paraderos* de Vilanova, coa variante local de unhas tribus pescadoras moi probes e atrasadas que poblaban toda a costa W de Europa.

Agora ben: ¿as industrias d-A Guardia son realmente *asturienses*? Nós coidamos que si, mais coidamos tamén que non caben no cativo marco sinalado a ista civilización. Probablemente veñen de mais atrás e de fixo alóganse hastra mais adiante.

En Galicia non se coñece ningunha esta-

que outras rexións veciñas non parece natural que istas estivesen habitadas i-a nosa non. Pol-o menos, ista península do Trega, bisbarra vizosa, bañada pol-o mar e por un río caudaloso, ricos en peixe e marisco debeu estar poboada pol-o home do *paleolítico inferior* que, ó igual que o *asturiense*, tivo que empregar a cuarcita como primeira materia, por falta de sílex.

Agora ben: no utilíxase das estazóns guardesas ¿hai mistura de industrias —acaso elementos *musterienses*— como parece supór o P. Jalhay? ¿Trátase d-unha supervivencia de




Fig. 9.

zón paleolítica; todo o mais achádegos soltos. A natureza do chan galego, carecendo de rocas calcáreas, non permitiu a formación d-isas grutas maravellas onde os sabios van remexendo as camadas ó igual que as follas d-un libro que se volvesen ó rivés; así que non é doado facer un concenzudo estudo metódico d-isas remotas idades, pois nas estazóns *epígeas* sin elementos faunísticos e sin poder sinalar un nivel xeolóxico, non se poden sentar afirmazóns.

Isto non quer decir que non fose habitada por tribus paleolíticas; tod-o contrario, pois estando en millores condicións climatéricas

formas? ¿Ou será mais ben unha sinxela coincidencia de tipos, debida ó atraso evidente das tribus *asturienses* que empregaban tamén os seixos de cuarcita como materia prima?

Non é doado, por hoxe, contestar compidamente istas preguntas, mais confiamos que non tardará en facerse algunha luz que permita tratar istas cuestións con mais seguranza.

Xa dixemos que istas industrias, na Guardia, chegaron hastra a segunda *idade de ferro*. Na citania do Trega aparecen con fatura *pontadas*, *machadas* e *pícos*, os típicos *pícos asturienses*, misturados cós refinamentos do *Hallstat segundo*; e tamén aparecen

(1) J. Carballo. — «Prehistoria».

seixos, levados naturalmente pra ser traballados, e un percutor. (1)

Istes instrumentos tiveron usos moi diversos, pois é natural que sendo cativa a variedade de uteis, cada un debía de ter varias aplicacións. Decía Mortillet, a propósito das ma-

asturiense non os levaba consigo despois de usalos, sin duda pol-o seu peso, e fabricaba outros cada vez que os percisaba. Isto explica o seu rudimentario traballo.

Réstame espresar meu agradecimento ós Señores de Lomba e D. Xulián López, de



Fig. 10.3

chadas *chelenses*, que unha machada servía para cortar, serrar, raspar, romper, etc.

A abundanza d-istes instrumentos nos seixos d'A Guardia, amóstranos qu-o home



Fig. 11.

A Guardia, pol-as facilidades que me deron pr-o meu traballo, i-o xenial dibuxante C. Padín, a quen debo a xentileza dos dibuxos que ilustran istas páxinas.

MANUEL F. COSTAS

(1) Recollido pol-o Profesor Mendes Correia, según me informaron.

N. da R. Os dibuxos están reducidos a un 1/2 do seu grandor. No próximo número publicaremos as figuras 12, 13 e 14.

Está á esgotarse a

Historia Sintética de Galicia

por Ramón Villar Ponte.

"NÓS" PUBLICARÁ AXIÑA

VERSOS, A TRES CÁS O NETO, por Euxenio Montes.

PELERINAXES (tomo I, con dibuxos de Risco), por Ramón Otero Pedrayo.

ENXANGADAS e O CONTO FOI..., por Victoriano Taibo.

A MORTE DE LORD STAÜLER, por Alvaro M.^a Casas.

NEMANCOS, por Gonzalo López Abente.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

FOLK-LORE DOS CHAOS D'AMOEIRO

As aves e as bestas.

Ao rematar de pôr o ovo, dí a *galinha*:
—Tanto poñer, tanto poñer e andar des-
calza!
Tanto poñer, tanto poñer e andar des-
calza! (1)

A anduriña dí:

Fun ao mar e vin do mar,
Vol-as teas sin fiar,
Lacoeiras, lacoar, chrrrrr...

Do *tinque* cóntase que cando Noso Señor andaba pol-o mundo, escapado dos xudíos, os que o perseguían encontraron ao *chasco* e preguntáronlle si o vira, e o chasco dixo:

—Chás, chás, por ahí ben vas!
Despois atoparon ao tinque, e dixéronlle:
—Tingue, viches ao Noso Señor?
Respondeu o tinque:
—Tin, tin, o de Sodoma e Gomorra por eiquí non vin!

O chasco non se pode comer, porque a mitá é do demo, porque guiou aos xudíos.

A *carrisa* era o paxaro maior do mundo, mais un día quixose rebelar contra Dios, e Dios castigouna a ser o mais pequeno. Pro-

ba qu'era grande é o niño que ten. En tro-
ques, Dios conservoulle o canto. (1)

O *gayo* olla pr'as cereixas, e dí:
—Xa raxaron.
E o *avión* dí:
—Xa lle rubiron.
E cando canta, xa nonas hai.

O *merlo* pideulle pan á *formiga*, e ela respondeu:

—Mentras andiveches pol-as silveiras,
chirto merlo, chirto merlo, buscaras pan
pr'o inverno! (2)

O *sapo* e mais o *zorro* apostaron a quen corría mais. O sapo colleuse ao rabo do raposo, e cando chegaron, o zorro ollou pra trás pra ver onde viña o sapo, e namentras o sapo avanzou por riba d'il e chegou primeiro.

Á *barbantesa*, os rapaces átana por unha pata, e dinlle:

—Barbantesa, pon a mesa,
Sinon rómpoche a cabeza.

(1) N-entro conto, recollido por nós na Limia, a quen se atribúe a impiedade é ao *pisco*, que decla:

—Calja el cielo, calja el cielo sin cuidado,
que mis piernas tendrán mano!

E a *carriza* decla:

—Señor mío Jesucristo,
non vos fiedes das pernas do pisco,
que son podres coma cisco!

Haí unha relación indubidábele entre ambos contos.

(2) Atopamos eiquí o tema da coñecida fábula da formiga e a chicharra, sementes qu'eiquí variou o persoaxe folxazén.

(3) Variante d'Ourense: —Pôr, pôr, pôr, pôr, e andar des-
calza!

Do *alacrán* dín os pais aos fillos que non
s'arrimen a il, que a picadura é mortal.
Pra demostralo, dín:

Si te morde o alacrán,
Busca viño e busca pan,
Sacerdote e sancristán,
Que mañá t'enterrarán.

Cando pica un alacrán, friten o alacrán
en aceite e póñeno na picadura, e sana, (1)

A *donicela*, pra que non se bote a un, non
chamarlle *donicela queimada*, senón *bo-
nitiña*.

Si te morde a donicela,
busca camisa pr'a terra.

O *zorro*, cando leva a galiña na boca e lle
rezan o responso de San Antonio, sóltala.
Pra facelo fuxir, hai que lle berrar:
—*Á manela!* (o rabo).

O casamento da pulga e o piollo.

O piollo e a pulga
querían casar.
Tan probiños eran,
que non tiñan pan.
E saíu a formiga
debaixo da terra:
—Sígase esa boda
Que eu son panadeira.
—Agora, mi vida,
panciño tenemos;
fáltanos bebida,

(1) *Stimula similis curantur*, principio qu'informa a mór
parte das veces a meicina popular. Lembremos os estudos de
Frazer en col da *Magia homeopática*. Temos lido tamén un caso
real de curación da mordedela d'un cen pés d'Ises da zona tropi-
cal pol-a aplicación do cen pés morto, mollado en alcohol. O
aceite d'alacrán formaba parte da farmacopea antiga.

donde a encontraremos?

E saíu o sapo

debaixo da cuba:

—Sígase esa boda,

que no haxa d'uda.

—Agora mi vida,

bebida tenemos;

fáltanos madriña,

donde a encontraremos?

E saíu a lebre

da sua camiña:

—Sígase esa boda

qu'eu serei madriña.

—Agora, mi vida,

madriña tenemos;

fáltanos padriño,

donde o encontraremos?

E saíu o rato

do pé do muiño:

—Sígase esa boda,

qu'eu serei padriño.

—Agora, mi vida,

padriño tenemos;

fáltanos gaiteiro,

donde o encontraremos?

E saíu o zorro

do pé do outeiro:

—Sígase esa boda,

qu'eu serei gaiteiro.

Estando na boda,

con tanto ruído,

desprendeuse o gato,

coméu ao padriño. (1)

Xogo dos rapaces.

A *porca*: Fan un buraco na terra, e un
ponse ao pé do burato, e os outros arredor,
todos con paus.

O que está no burato, tira a *porca*, que é
unha pedra grande, e ten que impedir que a
porca vaia ao *cortello*, e tiralla aos outros,
que están a uns dez pasos.

Os outros danlle á porca cos paus, pra
metela no burato, berrando:

—Deixa entrar a porca no cortello!

E il:

—Non quero!

(1) Coñecemos variantes d'Ourense e do val de Lemos de
este romance, moi esteso en Galiza. Hai tamén versión castelán.

E defende o burato. Si a porca entra, ten que saír do seu posto, e ponse outro. (1)

A *rodela*: xógase c'unha roda de pau d'unha cuarta de diámetro, e pódose catro ou cinco de cada lado, lánzana lonxe, uns aos outros.

A *ola-ola*: Fan un circo de vinte ou trinta, collidos das maús. Un ponlle nomes a todos, e dicelle ao que queda:

- Ola, ola.
- Vaya vaya.
- Que buscas?
- Un grano.
- Cal grano?
- Un (eiqui o nome d'un d'iles).

Deixan a aguila e bótano, e o nomeado métese no seu sitio.

OS REISES DAS CABRAS

Parodia bulreira das cántigas de reises, que se canta polo mesmo tempo, co-a música de:

Iban caminando.
en conversación
diciendo palabras
de gran devoción.

Os reises das cabras son como sigue:

Ven María blanca
Batendo na cara,
— Ay pobre de minhe,
Roubáronme a cabra!
— Xa que cha roubaron,
Que lle has de facere,
Rézalle un responso
Qu'ha de parecerse.
E veu o rapaz
co-a faldra fora,
Dicindo qu'a cabra
Era da sua dona.
E veu a Teresa
Co-a barba tesa:

(1) Na Liria e n-outros lados xógase a porca c'unha bula de pau feita arogo, e entre dous equipos. As analoxías co *hockey* son ben grandes.

— Xa que cha roubaron
Quen che ha pór a mesa?
N-aquél monte largo
Hai dous bois bermellos,
E saíu a cabra
D'aquelles portellos.
A cabra era boa
Tiña dous cabritos,
Gárdallos pr'o Xan,
Cando veu de quinto.
A cabra era boa
Ten boas talladas,
Unhas son pr'o cura,
E outras pr'a criada. (1)

(Comunicadas por D. Carlos Pulido Parada).

Galiza no val de Arán.

N-iste recanto pirenaico que pol-a etioloxía e o lingaaxe *patois* mais pertence ó grupo das terras do Midi francés que á propia Catalonia aínda sumándolle o Rosellón; que no egrejástico dependeu hastra fai pouco de Cominges e que ten por metrópoli mercantil a Toulouse, a cidade dos troveiros, consérvase viva e quente a tradición de lonxana grandeza de que no medioevo se revestiu Compostela.

E así eisiste a creenza de que, como os galegos ó San Andrés de Teixido (vide *Maciñeira*: «San Andrés de Teixido»), ou como os portugueses ó noso señor Sant-Iago (vide os comentarios de Cabal en «Los dioses de la Muerte» e a impugnación de Risco n-esta mesma revista), tense de ir a Compostela de morto si non se vai de vivo.

E cando se topan dúas personas e unha pregunta á outra ¿onde vas? (*¿ta un vas?*) como a outra non llo queira dicir contesta evasivamente como referíndose a algo remoto e inaccesible: a Sant-Iago de Galicia (*en ta Santiago de Galicia*).

F. B. B.

(1) N-Ourense, cando iban cantar os reises e lle non daban o aguinaldo, cantaban co-a mesma música d'istes:

Cantámosche os reises
guedellas de cabra,
cantámosche os reises,
non nos deches nada.

Nos dous casos intervéñ a cabra, o qual indica-se cadrá unha mesma orixe.

(Notas de V. R.)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

O ESTRENO DE «O MARISCAL»

Vigo. O 31 de Maio derradeiro. Unha agarda espranzada. A concencia d'algo forte, novo, e fundamente galego que se vai manifestare. Lediza un pouco angustiosa, dos poucos minutos que faltan. Os montes azúes, a badía centilante, o *élan* moderno das ruas, sintense a través d'unha emoción: —Si calquer cousa chegara pra impedila?... Xa aconteceu fai poucos días na Cruña... Non sabemos que misteriosas potenzas e berrallaran a nosa espranza.

O *Mariscal* está feito ópera; unha partitura arrodea com'unha atmósfera musical e mundial os temas do poema. Qu'importa o estorbo d'un momento? Unha nova lingoaxe viste os versos e voará, azada, pol-o mundo. Agora non hai dúbida. O Tamberlick está aceso e a sala vaise enchendo... Unha ópera galega. Unha nova e necesaria faceta pra nos presentarmos na Europa. Orgulosos co-iste pensamento, ocupamos a nosa butaca.

O público, aínda o mais indiferente, decátase da gravidade do momento... Aínda hai ocos no Teatro. Que se lle vai facer? Apesares dos xornais e dos anuncios, moita xente alfabetizada ten os sentidos pechados. Por outra parte, a xente *bien*... Mais somos tan rutinarios qu'inda nos lembramos d' xente *bien*?

O mestre Losada bate as primeiras medidas. Pensamos na íntima satisfacción d'iste home admirábele dirixindo a súa partitura. Cántase o prólogo. Fala a voz do pobo, a voz verdadeira, que non s'esquece nin minute, nin se deixa amolecer pol-a moda, a voz que sente coma presentes todas as realidades galegas, a voz qu'inda se creba co-a door e s'ergue co-a paixón falando do *Mariscal*. A voz acusadora e vingadora, triunfando por riba dos foliculares e dos historiadores. A voz de Deus. O poeta traballouna en versos de flama, de metal e de sangue; Vilar díulle o ritmo escénico preciso pra faguela sentir pol-o público d'hoje e de mañán. Losada, a fondura e a perspectiva orquestal; Camilo, a plástica das paisaxes e dos interiores.

Dend'os primeiros instantes domina o sentimento d'unha outa e rara dinidade artística. Levados pol-os versos e pol-a música, xa d'abondo afastados do día transitorio,

entran e xogan en nós os temas da Traxedia. Resoa en cada espectador, e a Fadalidade da sorte galega voa pol-a sala e todos sabemos com'aquela música brillante, o himno de triunfo, de abrente e de forza ceibe do segundo acto, apenas durará un instante, pois a treición calculada romperá toda baril resistencia. A Frouseira ergueita e prantada com'un azor axexador da primeira luzada, sob'un coto afiado, non podería ser conquerida pol-as armas. A pinga da pezofia mordeu o aceiro e abriu o camiño.

Mais outro camiño triunfador dos tempos, móstrase franqueado car'o infindo do futuro, cando a Raza faise presente na prisión do seu mais puro paladín. Pol-as reixas do carce albiscanse as estrelas. No dooroso motivo musical hai unha fé no porvir. O músico fixo algo dino da grande traxedia, unha partitura que purificando dos lixos da terra fai alentar o tema do futuro.

Música rica e complexa, traballada i-espresiva, con todos os recursos d'unha mestría técnica postos ao servizo da idea, ondeante e precisa, opulenta e sobria. Aínda quen non coñeza a obra exprimenta primeiro a door da treición, un instante d'alegría diante a forza do *Mariscal*—brío do paladín que sabe ollar outas metas—e a fidalguía de D. Alfonso. A música do terceiro acto é d'unha beleza malencónica poucas veces conquerida. Cando na paisaxe da Ponte do Pasatempo loce ao fondo a esgrevia arquitectura da Catedral, soilo animada pol-a raio-lante rosa do fastial, a traxedia faise congoxosa e pisa a mala fada con graves pisares de Fadalidade. Agárdase un pendón negro na dureza das torres e ven entr'o dolente e apaixonado fuxir dos temas o seco golpe dos machadazos. Caíron o esgrevio carballo e o carballizo. O berro de D.^a Sabela non quer recoñecer que se remata a obra das trevas. Mais todos sabemos que é obra emifera e o tema espranzado canta en nós.

O 31 do Maio derradeiro, foi pra Galiza unha data de superior importancia. A beleza da obra, a concencia artística con que foi presentada, o esforzo dos admirábeles cantantes, todos avencellados n-un pulo d'entusiasmo e de traballo da millor calidade, foi dina da Galiza. Moito agardaba a terra. Moito ten qu'agradecer aos que souperon franquearlle un camiño hastra d'agora non

sospeitado. E moito deberan cavilar os galegos desconfiados da potencia espiritual da Galiza.

RAMÓN CABANILLAS NA ACADEMIA ESPAÑOLA

Rea de Felipe IV: o Rei Poeta. Tod'o barrio figura trazado por un romántico na idade da madurez outoniza. Millor por un Martínez de la Rosa que quixera pasear o seu intimo desengano por frondas elegantes e arquitecturas ordeadas. Colunata do museo de Reproducciones onde o treito de Lucas Giordano arripiase do frío dos modelados crásicos, o bronce da Ráfia que foi despedida somentes por un poeta moderado, casas sobrias, sin ostentación de luxo; o edificio d'Academia amolecendo na banalidade dos ladrillos a sua terrible seriedade lexicográfica e duas grandes veciñanzas: o Museo do Prado e o bosque do Retiro que tamén se fai un pouco académico na marcha grazia do Parterre — mármore, pinos, eronimus poirentos — instrumentado en octava real de xardineiría.

Cabanillas, bohemio do atlántico, dono de todol-os pazos d'ensoño de Cambados, poeta que no rosario do espadeiro ouve cantigar as forzas eternas da Galiza, e colle no verso o latexar da serra e da veiramar, o amigo da ceibe risada e o consoador da tristeza do pobo, levóu á xuntanza académica os ecos bárdicos da mar galega. Da mar que galga nos cóns e da mar que brúa, canta e dorme na y-alma infinda da Galiza. E como si entrara na Academia unha forza cósmica. Falóu de Pondal. NÓS non vai a comentar o seu discurso. Tod'a Galiza leeuno nos xornais i-evocóu a figura lanzal do poeta, os horizontes sempre nosos dos «Queixumes», o canto mañanceiro dos «Eoas» a través da prosa castelán, baril i-espresiva, do seu grande e querido poeta. Finas matizaciós, ouservaciós soilo propias de quen afondóu esa y-alma céltiga da Terra e de Pondal, franca profesión de fé artística e moitas cousas mais, contén o fermoso traballo de Ramón Cabanillas, páxinas esquirtas de un pulo, xurdidas do curazón e do celebre acostumados á presenza da inmorredoirá Poesía. Un airiño de mocidade debeu correre por tod'o barrio doutrinal e aquila paisaxe de solpor que compón sob'as masas de vexetaciön do parque madrileño, debeuse tinxir de un raio novo, d'abrente, mollado na comba do Grande Atrántico e na frouma rumorosa dos piteirais de Bergantiños. O Sr. Marqués de Figueiroa esprimentou, de fixo, a mais fermosa tarde da sua vida d'académico. Pois il foi o primeiro en erguer diant'os públicos

de Madri o prestixio da Poesía galega e agora como poeta e como catador esquisito dos valores da Galiza, tivo a alegría de tecer un saúdo emocionado en honra da Galiza, persoalizada no seu poeta de maior alento. NÓS xunta o seu aprauso ó unánime aprauso da Galiza pra Cabanillas e Figueiroa.

GORSEDD DOS BARDOS DA BRETAÑA DE 1929.

Temos recibido a proclama espallada pol-o Colexio dos Bardos da Armórica invitando ao Gorsedd dos Druídas, Bardos e Ovates que se terá na pintoresca cidade de Huelgoat o Domingo 18 eo Luns 19 d'Agosto que ven.

O Gorsedd é patrocinado pol-a Sociedade Anónima d'acción bretona *Armórica*, e accollido pol-o Consello municipal e o Sindicato local d'iniciativas de Huelgoat.

Eis o programa:

O domingo 18, haberá festas bretonas: loita, cortexo, festa de teatro, concerto e danzas.

Ao serán terás o *Gorsedd kuz* en duas partes: 1.^a de todol-os membros; 2.^a do Comité.

O luns 19, haberá unha misa pol-os Bardos difuntos, e despois ás 9 xuntaránse todos na Alcaldía pra iren procesionalmente ao bosque chamado *Saoutec*, onde, riba d'un dólmen natural, teránse as cirimonias do *Gorsedd Digor*.

A meio día, xantar dos Bardos, Autoridades e Invitados, e despois, excursión á Capela de Saint-Herbot e á Cascade.

Prégase a asistencia aos Druídas, Bardos, Ovates, Discípulos e Recipientarios.

Nós coidamos que Galiza debere mandar unha representazón a esa xuntanza, o qual habia servir pra estreitar as nosas relacións espirituas co-aquela terra que tan ben sabe conservar as mais antigas tradicións do pasado céltico, e o senso espiritual da nosa raza.

NOTAS ESPALLADAS.

Aparte damos unha impresión do estreno de *O Mariscal*, ópera de Losada sobre o drama do Vilar Ponte e Cabanillas, o qual, apesares do pouco, exíguo, recramo de imprensa, foi un eisito cumprido e sin volta. *O Mariscal* ha dar a volta trunfal a Galiza, ha dar volta a España, ha percorrer a Europa.

Co estreno, coincideu a saída da segunda edición do drama, feita pol-a editorial

NÓS. A primeira, do ano 1926 esgotárase en poucos días, en moitos lados sen siquera pasar pol-as librerías. Da d'agora, edizón popular e pra todos, hai xa moitísima demanda.

No pabellón de Galiza na Exposición de Sevilla trátase d'instalar unha biblioteca de libros galegos modernos. O Seminario d'Estudos Galegos enviará total-as suas publicacións.

Onoso Castelao áchase arestora en Bretaña, estudando os Perdóns e Cruceiros e outros aspectos de Arquitectura, Iconografía e Arte popular. Sorprendido das semellanzas coas nosas cousas, leva xa feito un labor enorme de deseños, apuntes e notas, ademais de tratar alí con total-as persoas enteiradas d'istes asuntos.

LIBROS

VAOSILVEIRO, novela, por GONZALO LÓPEZ ABENTE, A Cruña, NÓS, volume 20, 1929.

VELEIQUI unha nova novela galega das chamadas a figuraren n-un posto de honra. O poeta de Muxía fai n-ela alarde de un estilo rico e abondoso de descripcións e de imaxes e d'unha fonda coñecencia da lingua. Dende *O diputado por Veiramar*, a obra en prosa de Gonzalo López Abente vai medrando e sendo cada día de mais longo alento. É dino de nota que apesares de ter buscado n-esta e en *Buserana*, temas de fondo dramatismo, o acento do prosista non sexa endexamais tan grave e virilmente melancólico, coma é o do poeta, senon mais ben brando e coma vencido da sensibilidade. En *Vaosilveiro*, López Abente —que é sempre un clásico no senso en que o era Pondal, seu parente, clásico sen deixar de ser romántico— colle un tema coñecido e espallado na literatura universal: o do rapaz namorado da súa madrastra, coma se dixeramos, a metade do *complexo d'Edipo*, e dalle un desenvolvemento persoal, resólveo no mundo do espírito, sen freudismo, sen lixar co-a mais pequena nódoa de baixa paixón, a pureza da paisaxe que sirve de fondo. D'iste xeito, o amor de Don Fins e Doña Elvira resulta tan puro e tan castamente bucólico —porqu'esta novela fai lembrar as novelas pastorais, e non somentes pol-o ambiente— com'o d'Alberte e Sabeliña, que alí aparece como episódico, anque necesario pra presentar diante dos

ollos de Don Fins a imaxe viva d'unha dita pra il imposíbele. E apesares d'elo, a novela dá a impresión de ter n-ela romantizado o seu autor unha historia da vida real, semella que aquilo foi certo.

SEGUNDO LIBRO DE COUSAS, por CASTELAO, A Cruña, NÓS, 1929.

CADA *cousa* d'estas *cousas* de Castelao, dobladas de deseño e verba, é unha pequena obra de arte, pequena pol-o grandor, e xa van moitas, e aínda ten moitas mais producidas e moitas mais aínda por producir. Ten pra facer co-el-as o poema inteiro da Galiza de hoxe. Xa temos dito outras veces que cada unha é unha novela n-unha páxina, porqu'en todas elas, anque co escrito abonda, atrás do escrito hai moito mais. De cada unha poderíase sacar unha novela, un poema, un drama, unha comedia, e outro escritor mais difuso faríalo, mais il nono fai; dá o preciso, toda a intensidade do caso en poucas liñas, e por iso é o criador d'un xénero novo, que anque ten derivacións, é somentes d'il, pol-as derivacións xa son outra cousa. Será cecais qu'il procede com'humorista, e o humorismo require o esquematismo, e d-ei-quí a súa técnica. Mais ser é unha técnica espontánea, por mais que il despois pule e refai e escribe cada cousa moitas veces, probablemente, sen quedar endexamais satisfeito de todo, por amor da perfeición, pro é seguro que as cousas surten xa feitas así coma son do primeiro pulo. E cada unha ten a súa sorpresa; non hai ningunha que poida ser adivinada, e sendo todas cousas de realidade, *cousas da vida*, que acontecen de certo, quese non aconteceron, han acontecer algunha vez por forza, son así e todo todas estranas, como o é a vida, despois de todo. As *Cousas* de Castelao enseñan mais da psicoloxía dos galegos, e da psicoloxía de todos os homes, que todos os outros inquiritos quese poidan facer. Non somentes as verbas: os deseños o mesmo, porque están cheos de alma. Castelao é un grande artista e un grande escritor, un escritor e un artista cheo d'ideias, cheo de fonda sabidencia, un dos espíritos mais complexos e mais fortes que hai na nosa terra. E nas *Cousas* está o Castelao, anque o Castelao sexa aínda moito mais.

Iste segundo libro, mais nutrido, e com'o anterior, moi ben editado.

MONUMENTOS DE PORTUGAL. THOMAR. Porto, Litografía Nacional, 1929.

Iste quaderno, primorosamente editado, é o segundo d'unha publicación que, posta

baixo o patrocínio da *Associação dos Arqueólogos Portugueses*, propõe vulgarizar a coñecencia da riquíssima arte moimental do país veciño. Editada pol-os Sres. Ignacio A. de Sousa e Filho, Litografia Nacional, do Porto, leva publicadon dous volumes, o primeiro adicado ao Mosteiro da Batalha, con descripción feita pol-o Dr. Vergilio Correia —e que non chegou a nós, a pesares do anuncio que nos fora feito, sen dúbida por se ter perdido— e o segundo que reseñamos, e anuncia outros en col do Porto, Alcobaça, Leiria, Cintra e Mafra.

O adicado á histórica e moimental vila de Thomar, ven escrito pol-o Dr. Vieira Guimarães, co texto en portugués, francés e inglés, 18 deseños, 38 fotografías e unha vista panorámica. Estúdanse eiquí as eirexas de Santa María dos Olivais, Santa Iria e San João, e o Convento da Ordem de Christo, verdadeira maravilla da arte manuelina, c'unha esposición clara e sinxela, persuasiva e chea d'engado, a propósito pra levar a xente a coñecencia suficiente dos termos moimentos de Thomar.

Esta colección faráse indispensable a cantos queiran ter unha coñecencia da arte portuguesa antiga, e sinifica un loubábele esforzo pra o que desexamos un éxito cumprido. Desexariamos tamén qu'estas publicacións tan doadas d'adquirir, s'espallaran na nosa terra pra que todos coñecéramos ben Portugal, e foran imitadas pra levar a todos á coñecencia de Galiza.

REVISTAS

A NOSA TERRA, 1.º Mayo 1929.

SUMARIO: *Ao decorrel-os días*.—*A cultura dos paisanos*, por Ramón Otero Pedrayo.—*Con ferreñas e pandeiro*, por Damil.—*O mimetismo arquitectónico*, por Fiz Mosteiro.—*No cerne dos pirineos*, por Abel Demo.—*A Galicia*, (himno) do P. Celestino García Romero.—*Comentarios*, por Millobre Pinto.—*A alborada dende lonxe*, por Avelino Rodríguez Elías.—*Faíscas*, por Víctor Casas.—*Dóas*, por Antón Goy Díaz.—*Follas novas*.—*Lecturas*.—*Carta aberta*, por F. A.—*En Bos Aires*.—*Lesta Meis*.—*Galicia na Academia Hespañola*.

BIBLOS, Coimbra, Março e Abril 1929.

SUMARIO: J. Leite de Vasconcelos, *O «Peregrino da América» de Nuno Marques Pereira, como fonte da investigación etnográfica*.—José María Rodríguez, *A dupla rota de Vasco de Gama em «Os Lusíadas»*,

V. 4-13 e as objecções do Sr. Almirante Gago Coutinho.—Vergilio Taborda, *Maquiavel e Antimaquiavel*.—Louis Papy, *Uma sciencia nova: A geografia humana*.—Francisco Moraes, *Da miniatura medieval e sua relação com os codices miniaturados da Biblioteca da Universidade de Coimbra*.—Ernesto Donato, *«Os Reservados» da Biblioteca da Universidade de Coimbra*.—Varia.—P. José dos Santos Mota, *Métrica de Camões*.

NACÃO PORTUGUESA, Série V, tomo II, fascículo 8.

SUMARIO: Cesar d'Oliveira, *A memoria de Antonio Sardinha. Antonio Sardinha demolidor e revolucionario*.—Marcelo Caetano, *Obidos*.—J. Mendes da Cunha Saraiva, *A coroa de prata do tumulto d'El-Rei don João IV*.—João Ameal, *O verdadeiro perfil de El-Rei D. Miguel*.—Antonio Serras Pereira, *Formação social da Nacionalidade portuguesa*.—*Das ideias das almas e dos factos*.

Serie V, Tomo II, fascículo 9.

SUMARIO: Francisco Beliz, *O amor da terra na obra de Antonio Sardinha*.—Santos Coelho, *A questio romana*.—Doutor Cabral de Moncada, *«Ideal e facto sensível, política e sciencia, meios e fins»*.—Marcelo Caetano, *Tres livros*.—Rodrigo de Sá Nogueira, *O nome «Portugal»*.—*Das ideias das almas e dos factos*.—*Na feira das letras*.

AN OALED, 2.º trimestre, 1929.

SUMARIO: *Arguments en faveur de l'enseignement du breton*, par Taldir.—*Histoire de la Boulangerie bretonne*, par Morel.—*Impressions d'un soldat breton au Maroc*.—*La belle histoire de M. Saint Hervé*, par P. Allier.—*Un Philosophe Athée, Le Dantee*, par Taldir.—*Un barde jacobin*, par Le Mercier D'Erm.—*Reverie dans une église*, par Abgrall.—*Le Coeur*, par Galoy.—*An Oaled*, gant Dirnador.—*Eurenjou Kana*, gant Ch. Ar Braz.—*Sant Gweltas a Ruis*, gant Ab Hernin.—*Buez eur paour kez Kouer*, gant Godest.—*Troieu Iann Finen*, get Potr Er Gemene.—*Les Vedettes de chez nous*.—*Echos et nouvelles*.—*Bibliographie*.—*Souscription Ives Berthou*.—*Illustrations*.

GALICIA CLINICA, n.º II.

SUMARIO: *El pase al Estado de los Médicos Inspectores municipales de Sanidad*, por Dr. A. Gutierrez Moyano.—*El problema de la herencia en la parálisis espinal espasmódica*, por Juan José Barcia Goyanes.—*Las*

reacciones de floculación en la sífilis, por Federico Beato. — *Paraplegia familiar espasmódica*, por Dr. Eduardo Pérez Hervada. — *Comentarios clínicos*, por Dr. Gutiérrez Moyano. — *Fisioterapéutica*, por A. G. M. — *Jornadas médicas gallegas*. — *Libros, prensa, notas, etc.*

REVISTA DE GUIMARÃES,
Julho-Dezembro, 1928.

SUMARIO: J. Leite de Vasconcellos, «*Guimarães agradecido*». — Pedro Victorino, *Museus, Galerías e Coleções*. — Fermin Bouza Brey e Florentino L. Cuevillas, *Paralelos galegos a unha práctica popular transmontana*. P. Aloisio Tomás Gonçalves, *S. Gualter de Guimarães, Ensaio biográfico*. — Fernando de Castro Pires de Lima, *Cancioneiro de S. Simão de Novais*. — Jose Luis de Pina, *A Penha encolítica*. — Mario Cardoso, *A Pedra Formosa*. — Luis de Pina, *O românico no Concelho de Guimarães*. — Eduardo d'Almeida, *Algumas palavras sobre S. Mamede*. — R. de Serpa Pinto, *Museu de Martins Sarmento*. — M. C., *O Coloso de Pedralva*. — Luis de Pina, *Subsidios para a arqueologia do Concelho de Guimarães*. — A. Tiburcio de Vasconcelos, *Coleção de estampas e índice de gravadores*. — Alberto V. Braga, *Curiosidades de Guimarães. Matas de salteadores*. — Uma quadrilha de nomeada. — Eduardo d'Almeida, *Os cônegos da Oliveira*. — M. C., *Bibliografia Sarmentina*. — *Apreciações da conferencia sobre S. Mamede*. — Francisco Martins, *Boletim*.

L'ITALIA LETTERARIA, Roma.

O notabilíssimo semanário italiano *La Fiera letteraria* trasladouse de Milán, onde se publicaba, pra Roma, e trocou o nome que levava pol-o de *L'Italia letteraria*. O primeiro número transformado surtiu o 7 d'Abril. O espírito é o mesmo; G. B. Angioletti, no seu *Saluto a Roma*, dá que un amigo escribelle á capital: «Non esquecel-a nosa vella e querida Lombardía», e que algú dos que o despediron en Milán, decíalle: «En Roma gastarédvos, en Roma non traballaredes, en Roma estase demasiado ben, e as iniciativas literarias cón unha atrás d'outra antre a indifrenza universal». Verbo d'isto, poderíamos comentar ou millor aínda, paralelizar.

Nos tres números que temos recibido de *L'Italia letteraria* atopamos moitas cousas dinas de nota, antre elas, *Un idillio letterario di Giovanni Verga*, a novela de Carlo Linati *Umanità «au ralenti»*, *Fasti e decadenza de l'Adagismo*, de moito espírito, *San Benedetto, gentiluomo nella Casa di Dio*, de

Cesare Angelini, co-as sezóns de costume, e notas de Giacomo Prampolini en col de escritos de Jose Francesco Pastor sobre o espírito español e de Rovira Virgili sobre o sport.

SEARA NOVA, números 141 e 156.

ALGUNS artigos: *O problema da cultura em Portugal*, por Antonio Sergio; *A moderna Galiza. — O seu regionalismo*, por Carlos da Cunha e Vasconcelos; *A questão religiosa na Catalunha*, por P. C.; *Sequeira e Goya*, por Reynaldo dos Santos; *O meu catolicismo*, por José Osorio de Oliveira; *Os Intelectuais e a Política*, por Raul Proença; *A moderna orientação universitária de Alemanha*, por J.; etc.

TAULA, Valencia, número 18.

SUMARIO: 3.^a *Taula de Poesia*. — Blasco Ibañez i Valencia, A. Pizcueta. — *Sobre l'acció dels solitaris*, Carles Salvador. — *Epistolari Horcuto*, El Velluter. — *El músic Respighi a València*, Eduard Ranch. — *Vives i la llengua materna*, Foster Watson. — *La descoberta de la ciutat*, Artur Peruchó. — *Lletres Falleres*, El Secretari. — *Flames*, Godofred Hernandez. — *Lloa de la Falla*, F. Caballero i Muñoz. — *Notes*. — *Bibliografie*.

Número 19.

SUMARIO: 3.^a *Taula de Poesia*. — *Estampes nòrdiques*, J. Reig. — *Faldrias*, F. Caballero i Muñoz. — *Un cultor del monosílabe*, F. Mateu i Llopis. — *2 contes nous*, Carles Salvador. — *El músic rus Alexandre Glazunoff*, Eduard Ranch. — *Algunes dades per a l'estudi de la prehistoria de Valldigna*, Francesc Valiente. — *Poesies*, Pasqual Asins. — *Notes*. — *Bibliografie*.

Número 20.

SUMARIO: 3.^a *Taula de Poesia*. — *Infants als microscopi*, Carles Salvador. — *El valencià i García Sanchiz*, A. Pizcueta. — *Algunes dades per a l'estudi de la prehistoria de Valldigna*, Francesc Valiente. — *Qui són els de la 3.^a Taula de Poesia*. — *¿Que opina vosté sobre Taula?* De la bellesa interior, Angel Castanyer. — *Gavina Blanca*, V. Ramirez Bordes. — *La rosa del amor*, Miguel Durán. — *Julia Ribera, i el «Libre del Repartiment»*, El Velluter. — *Notes*. — *Bibliografie*.

EL EBRO, Barcelona, Mayo 1929.

SUMARIO: *El pecado de ser aragonés*, por J. Calvo Alfaro. — *Los tulipanes de Holan-*

da y una frase de Costa, por Almogávar.—*Aragón ante el mundo*, por Jaime Ubieta.—*Los problemas de Aragón. Comunicaciones*.—*Economía aragonesa*, por Almanzor de Sobrarbe.—*Don Jaime el Desdichado. Conde de Urgel*, por A.—*Las campanas de mi pueblo* (poesía), por Almogávar.—*Labor laudable*.—*Diálogo Gradense*, por José Zuzaya Cambra.—*Viva el pueblo aragonés!* (poesía), por J. Bueno Gil.—*Alcolea de Cinca*, por A.—*Del corazón de Ribagorza*.—*Suscripción pro-Costa*.

ANALES DEL CENTRO DE CULTURA VALENCIANA, año II, n.º 3, 1929.

SUMARIO: Sesión inaugural del Centro de Cultura.—Memoria leída por el señor Secretario.—Discurso leído por el Director de número IImo. Sr. D. José Luis Almunia.—Rodrigo Pertegás (J.), Discurso necrológico del Dr. D. Faustino Barberá Martí.—Sanchis Rivera (M. I. Sr. D. J.), Un código de sermones de San Vicente Ferrer en Avignon.—Ivars O. F. M. (Fr. A.), Estage de Juanot Martorell en Londres (1438-1439).

—Rodrigo Pertegás (I.), *De re militari*.—Pardo (Luis), *Adición al avance de un catálogo de nombres vulgares de la fauna valenciana*.—Primitiu (Nic.), *D'arqueologie. Excavacions de Valencia*.—*El Centro de Cultura valenciana en el segundo semestre de 1928*.—*Bibliografía*.—*Revista de Revistas*.

BULLETIN DU MUSÉE BASQUE, Bayonne, n.º 3-4, 1928.

SOMMAIRE: Etudes: H. Gavel, *La langue basque*.—Notices pour un catalogue: J. Nogaret, *Un nouvel ouvrage du Comité de Urquijo*.—P. Burguburu, *Les poids de la ville de Bayonne*.—Chronique: W. Boissel, *La «Semaine Basque» de Bucarest*.—P. Lhande, *Basques et Roumains*.—H. Cerveau, *Les conférences du Musée Basque en 1928*.—Visite de la Sociedad de Estudios Vascos.—*Nouvelle convention avec la ville de Bayonne*.—*Tableau des Expositions et conférences de 1928*.—*Le Livre d'Or*.

Imprenta NÓS, Real 36-1.º, A CRUÑA

PORTUCALE

REVISTA ILUSTRADA BIMESTRAL DE CULTURA LITERÁRIA, CIENTÍFICA E ARTÍSTICA

Estuda a Terra, o Povo, e a Língua de Portugal

Bibliografia portuguesa e estrangeira

Directores:

AUGUSTO MARTINS, CLAUDIO BASTO & PEDRO VITORINO

Colaboração dos melhores Escritores portugueses

Assinatura anual:

Portugal continental e insular, 15 escudos.

Colónias portuguesas, 25 escudos.

Brasil, 10 pesos 000 réis.

Outros Países, 6 chelins.

Redação e Administração:

R. dos Mártires da Liberdade, 178

Porto (Portugal).

Edições de MARANUS

Rua dos Mártires da Liberdade, 178

PORTO

Nóron de Matos—A Província de Angola	30 esc.
Wenceslau de Moraes—Relance da História do Jardo.	12 "
Ezequiel de Campos—Política.	10 "
Carlos Parreira—Ex-Votos.	10 "
João T. de Vasconcelos—Memórias dum caçador de elefantes.	10 "
Branca Lopes Martins—Contos para crianças (ilustrado).	8 "
Claudio Basto—Foi Eça de Queirós um plagiarista?	15 "
Claudio Basto—A Linguagem de Camilo.	15 "
—O Doutor Diabo.	5 "
Pina de Moraes—Ao Parapeito.	10 "
Leonardo Coimbra—O problema da Educação Nacional.	2,5 "
—S. Francisco de Assis.	5 "
—Notas sobre a Abstracção Científica e o Silogismo.	5 "
Augusto Martins e Marques Teixeira—Tábua de logaritmos (a cinco decimais).	18 "
Augusto Martins—Elementos de Aritmética (1.ª e 2.ª classes).	10 "
—Elementos de Algebra (3.ª classe).	8 "
—Elementos de Algebra (3.ª, 4.ª e 5.ª classes).	18 "
—A Matemática.	10 "
—Trigonometria plana.	10 "
—Licen Feminino do Porto.	5 "
Lidia Selfulina—Caminhantes.	8 "
A. C. Pires de Lima—Cancioneiro Popular de Vila-Real.	6 "
Leão Martins—Lá diz o ditado...	3 "
Visconde de Vila-Moura—Entre Mortos.	6 "

Pidan o catálogo ilustrado

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escurusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todol-os estableci-
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina

CIRUJANO

y

D. Antonio M. de la Riva

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés 50
A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa apareceu

o segundo libro de

C O U S A S

por CASTELAO.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



A hixiende nos nenos
é a garantía da súa saúde física e
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o
"Jabón Sales de la Toja",
único que ás súas altas calidades
meicifinas xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto des-
enrolo das criaturas e evi-
ta o perigo da escrófula e
o raquitismo.

JABÓN
LA TOJA
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
 FUENTES DE GANDARAY TRONCOSO
 Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
 Boticas, Drogueirías
 Hotels,
 Depósitos d'augas
 minerás,
 Restaurants e
 vagós-camas de
 todol-os três

As mais indicadas en casos
 de artitrismo, desntrizón, diabetes,
 obesidades diversas, doenzas do
 aparello dixestivo, anemia
 e neurastenia

Riquisma auga de mesa
 gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO
 a 35 kilómetros de Vigo